



Autor: Conchi Paz

2 Entidades e expertos achegan as súas prioridades sobre demografía, avellentamento ou inclusión para elaborar o Plan Estratéxico 2015-2020

10 Traballo destina máis dun millón de euros para a integración das persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego

Os centros especiais dan emprego na actualidade a preto de 2.000 persoas con discapacidade

11 Traballo incrementa nun 26% o seu apoio para a promoción do emprego autónomo ata os 19,3 millóns de euros

O Diario Oficial de Galicia (DOG nº 157, do 19.08.2015) publica dúas convocatorias para subvencionar aos autónomos

16 Informe do paro rexistrado

Galicia pecha agosto con 213.732 persoas desempregadas, 2.639 menos que o mes pasado, o que supón unha baixada do 1,22%



19 'O galego campa!' chegou durante xullo e agosto a preto de 1200 rapaces e rapazas de estadia nos campamentos da Xunta de Galicia para dinamizar a lingua galega na mocidade

Feijóo anuncia unha nova ampliación dos recursos da RISGA e a resolución das solicitudes con maior axilidade

20 Publicacións

Catálogo de publicacións na web



Sumario	Política social	2-8	Xuventude e voluntariado	18-19
	Traballo	9-17	Publicacións	20-22
	Informe do paro rexistrado	16-17	Normativa	23-36
	As novas extráense da páxina web da Xunta de Galicia www.xunta.es			

Créditos	Edita: Consellería de Traballo e Benestar
	Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas
	Coordinación: Pepa Dabán Royo
	Maquetación: Antonio Lameiro Ces
ISSN: 2254-7835	



O foro de debate foi inaugurado na Cidade da Cultura polo conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez, e pola conselleira de Traballo, Beatriz Mato. Autor: Conchi Paz

Entidades e expertos achegan as súas prioridades sobre demografía, avellentamento ou inclusión para elaborar o Plan estratéxico 2015-2020

- ▶ Santiago acolleu o primeiro foro de debate, no que participaron máis de 60 representantes de distintos colectivos
- ▶ O conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez, lembrou que é imprescindible "definir as ferramentas máis eficaces" para mudar a regresión demográfica
- ▶ A titular de Traballo, Beatriz Mato, sinalou que a transversalidade e o consenso permiten desenvolver as "mellores políticas sociais posibles"
- ▶ Nas vindeiras semanas celebraranse outros dous foros, sobre o modelo de crecemento económico e sobre cohesión territorial e desenvolvemento.

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2015.- Representantes de entidades e colectivos sociais, expertos en diversos eidos e membros do ámbito universitario e da Administración achegaron as súas prioridades sobre a demografía, o avellentamento ou a inclusión a través dun foro de debate, que ten por obxectivo enriquecer o Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020.

O foro de debate foi inaugurado esta mañá na Cidade da Cultura polo conselleiro de

Facenda, Valeriano Martínez, e pola conselleira de Traballo, Beatriz Mato. O foro de debate artellouse mediante tres mesas especializadas nas que participaron máis de 60 representantes de distintos colectivos.

A primeira das mesas centrouse nas dinámicas demográficas que afectan a Galicia e o impacto social que teñen sobre os territorios, mentres que as outras dúas mesas abordaron o impacto do envelhecimento po-
bacional nas políticas de gasto

público e as políticas sociais e de inclusión. Todas as achegas que saen destas mesas permitirán enriquecer o documento final do Plan estratéxico.

O conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez, advertiu de que resulta imprescindible "definir as ferramentas máis eficaces para mudar a dinámica demográfica", co obxectivo de integrar "de forma transversal" a perspectiva demográfica nos obxectivos do Plan estratéxico.

Na súa intervención, resaltou a necesidade de avaliar os efectos do avellentamento nas políticas de gasto público, así como as políticas sociais e de integración. Ademais, o titular de Facenda incidiu tamén na importancia de atender ás necesidades dos nosos maiores e de reducir as desigualdades a través das políticas públicas de inclusión, xa

que "a recuperación económica que estamos iniciando non será completa se non se conseguen reducir as desigualdades".

Pola súa banda, a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, defendeu que a transversalidade e o consenso son principios fundamentais á hora de deseñar e desenvolver as "mellores políticas sociais posibles". Destacou tamén que é de "capital importancia" que a demografía e o avellentamento, "dous dos grandes retos de Galicia", sexan bases desta estratexia global do Goberno galego, tal e como o son tamén do Acordo de asociación de España 2014-2020 que o Goberno central remitiu á Comisión Europea.

Ao respecto, a titular autonómica valorou tamén a asignación de "novos e maiores recursos económicos" aos eixos

da demografía, o avellentamento e a inclusión, porque permitirá dar continuidade ás políticas e programas exitosos que se levan desenvolvendo ata o de agora, así como favorecerá a posta en marcha de iniciativas e proxectos innovadores.

Novos foros

A Xunta de Galicia vai impulsar máis foros de debate co mesmo obxectivo que o celebrado hoxe, é dicir, recoller as achegas da sociedade civil galega para incorporalas ao Plan Estratéxico 2015-2020, que nestes momentos se atopa en fase de elaboración.

Así, nas vindeiras semanas celebraranse dous foros de debate cun formato similar ao de hoxe:

un deles abordará o modelo de crecemento económico e as estratexias de innovación, internacionalización e emprendemento, e outro será sobre cohesión territorial e desenvolvemento.

Proceso de participación

A Consellería de Facenda deu inicio este mes ao proceso de participación da sociedade civil na elaboración do Plan Estratéxico 2015-2020, co obxectivo de coñecer as prioridades dos sectores participantes e obter así un documento final máis enriquecido polas achegas dos axentes sociais.

Así, xa está operativa unha páxina web (www.planestrategico.gal) a través da cal todos os axentes sociais poden coñecer o



proceso de elaboración do plan e a documentación base sobre el. Deste xeito, calquera persoa ou entidade pode enviar á Xunta as súas achegas e suxestións.

O Plan estratéxico 2015-2020 deséñase non como un plan da Administración, senón como un proxecto conxunto da

sociedade civil, co obxectivo primordial de que Galicia sexa un territorio con máis emprego, máis competitividade e máis benestar. Para iso, a súa elaboración parte dun modelo evolucionado da tripla hélice (Administración, Universidade e Empresa), ao que se lle engade a sociedade civil.

<http://www.planestrategico.gal/>

Feijóo salienta que o Fogar Dixital Asistencial permitirá converter os fogares galegos en prolongacións dos centros sanitarios e dos centros sociais a través da tecnoloxía

- ▶ Avanza que en setembro se desenvolverá o proxecto piloto para comprobar sobre a realidade o seu funcionamento, coa monitoraxe de 500 pacientes crónicos de tres patoloxías: insuficiencia cardíaca, diábetes e enfermidade pulmonar obstrutiva crónica
- ▶ Nunha segunda fase, e desde o punto de vista social, o sistema estenderase a persoas que queiran ser atendidas na súa casa en lugar de ter que desprazarse a unha residencia ou a un centro de día
- ▶ Lembra que o Plan Trabe permitirá, a finais deste ano, implantar a historia social única de cada persoa que estea ingresada nunha residencia social, e que será o paso previo para a futura historia sociosanitaria, que aglutinará a información social e a sanitaria.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2015.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, destacou que o Fogar Dixital Asistencial permitirá converter os fogares galegos en prolongacións dos centros sanitarios e dos centros sociais a través da tecnoloxía.

“Trátase, sen dúbida, dun sistema que terá importantes beneficios, toda vez que minimizará o número de ingresos en centros hospitalarios e residencias de asistidos; permitirá aos profesionais sanitarios facer de forma remota e continua un seguimento tanto do estado do paciente como da eficacia dos tratamentos; e, sobre todo, garante que os pacientes e os seus cuidadores poidan manter a súa vida cotiá no fogar, conservando a súa calidade de vida e evitando continuos desprazamentos aos centros sanitarios”, precisou.

Durante o acto de presentación desta iniciativa, no que tivo lugar un simulacro no que se probaron os dispositivos nun paciente simulado, Feijóo afirmou que o Fogar Dixital comezará a funcionar o antes posible nunha primeira fase, desde o punto de vista sanitario máis estritamente, dirixíndose especialmente aos pacientes crónicos.

Con este obxectivo, no próximo mes de setembro desenvolverase o proxecto piloto para comprobar sobre a realidade o seu funcionamento, coa monitoraxe de 500 pacientes crónicos de tres patoloxías: insuficiencia cardíaca, diábetes e enfermidade pulmonar obstrutiva crónica.

Así mesmo, nunha segunda fase e desde o punto de vista social, este sistema estenderase a persoas que queiran ser atendidas na súa casa en lugar de ter que desprazarse a unha residencia ou a un centro de día,

Plan Trabe, 20 millóns de euros para modernizar os servizos sociais públicos

Logo de incidir en que o Fogar Dixital garantirá que os servizos públicos poidan ser accesibles para os cidadáns desde o propio fogar, Feijóo lembrou que, dentro do reto de conseguir unha única canle de atención sociosanitaria e que esta sexa posible dentro do fogar, o Plan Trabe modernizará con 20 millóns de euros os servizos sociais públicos e, a finais deste ano, permitirá implantar o fito máis importante: a historia social única de cada persoa que estea ingresada nunha residencia social, que integrará toda a información social do individuo e que será o paso previo para a futura historia sociosanitaria, “é dicir, unha única historia que aglutine a información social e a información sanitaria”.

Durante a súa intervención, o titular da Xunta incidiu en que a dixitalización dos servizos sanitarios ten un gran impacto para poder dar respostas satisfactorias á realidade demográfica da comunidade –Galicia concentra o 50% dos núcleos de España e o 23% dos galegos teñen máis de 65 anos-. E resaltou que as novas tecnoloxías son un gran aliado no obxectivo de



O presidente da Xunta na presentación do Fogar Dixital Asistencial
Autor: Xoán Crespo

garantir unha atención sociosanitaria máis completa e máis accesible para os cidadáns, e especialmente para os maiores.

“A dixitalización da historia clínica e da imaxe médica para que calquera profesional sanitario de calquera hospital ou centro de saúde acceda a toda a información dos pacientes; o despregamento da receita electrónica no 100% das farmacias; ou proxectos como o Mi Avizor ou a teleasistencia, que permiten que persoas dependentes con certo grao de autonomía

sigan residindo no seu fogar...son mostras de que as TIC son unha ferramenta clave para garantir o envellecemento activo e promover a máxima autonomía persoal que sexa posible”, aseverou.

O responsable do Goberno galego lembrou que medidas coma estas permitiron que Galicia teña un protagonismo especial nesta materia a nivel comunitario: “En 2013 a Comisión Europea recoñeceu á nosa comunidade como rexión de referencia para o envellecemento activo”, dixo.

http://benestar.xunta.es/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Plans_e_programas/TELDOMICILIO_folleto.pdf



http://amtega.xunta.gal/temas/saude-e-servizos-sociais/plan-trabe/?__locale=es



Feijóo salienta a importancia da colaboración e o traballo conxunto da sociedade e as administracións para acadar a plena integración social e laboral das persoas con discapacidade



O titular da Xunta visitou esta mañá as instalacións da Fundación Down Compostela
Autor: Conchi Paz

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2015.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, destacou a importancia da colaboración e do traballo conxunto da sociedade e as administracións para acadar a

plena integración social e laboral das persoas con discapacidade.

Durante unha visita á Fundación Down Compostela, Feijóo agradeceu a oportunidade de poder estar na asociación e coñecer in situ o seu labor, incidindo

- ▶ Destaca o labor da Fundación Down Compostela e incide na idea de que derrubar barreiras exige dun compromiso conxunto da sociedade, incluído o mundo empresarial, e as administracións públicas, pasando polos interlocutores sociais e as entidades de movemento asociativo da discapacidade
- ▶ Refírese á posta en marcha da Estrategia de inclusión social Horizonte 2020 como unha folia de ruta para facer realidade a inclusión “e que sempre esta aberta para as achegas, as demandas e as necesidades de colectivos como os que representa esta fundación”, asevera
- ▶ Reitera o compromiso de seguir incrementando as prazas de oferta pública de emprego para este colectivo e de seguir axudando ao cofinanciamento de centros como Down Compostela, implicados no coidado, na educación e na inserción laboral das persoas con discapacidade.

na idea de que derrubar barreiras exige dun compromiso conxunto da sociedade –incluído o mundo empresarial- e as administracións públicas, pasando polos interlocutores sociais e as entidades de movemento asociativo da discapacidade como esta fundación.

Nesta liña, o responsable autonómico lembrou a posta en marcha polo Goberno galego da Estrategia de inclusión Social Horizonte 2020; unha folia de ruta para facer realidade a inclusión “e que sempre está aberta para as achegas, as demandas e as necesidades de colectivos como os que representa esta fundación”, aseverou.

Feijóo referíuse a esta iniciativa como a proba de que a Xunta está a carón dos que máis o necesitan, para escoitalos e para tentar dar

resposta as súas necesidades, e animou a Fundación Down Compostela a seguir traballando para mellorar as condicións e a calidade de vida das persoas con síndrome de Down ou outra discapacidade individual, procurando a súa plena integración familiar, escolar, social e laboral.

“As administracións públicas temos que mandar unha mensaxe de compromiso”, insistiu o presidente da Xunta, referíndose tamén ao compromiso de seguir incrementando a oferta pública de emprego para este colectivo e de seguir axudando ao cofinanciamento de centros como Down Compostela, implicados no coidado, na educación e na inserción laboral das persoas con discapacidade.

http://benestar.xunta.es/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Plans_e_programas/estrategia_inclusion_social_galicia_2014_2020.pdf

ESTRATEGIA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA

2014-2020

Mato eloxia a solidariedade das familias que acollen nenos e nenas saharauís do programa ‘Vacacións en paz’

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2015.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, recibiu na Praza do Obradoiro os máis de 300 nenos e nenas saharauís que están a participar en Galicia no programa ‘Vacacións en Paz’ e ás súas familias de acollida. Na súa intervención asegurou que a dita acollida “fainos mellores persoas e máis solidarios”.

Beatriz Mato deu un “agariñoso saúdo” a estas familias e agradeceu a súa participación neste programa que cumpre xa 24 anos en Galicia e “permite aos pequenos a posibilidade de vivir experiencias e vivencias moi diferentes ao seu día a día, contribuíndo á súa formación e desenvolvemento persoal”.

Non obstante, a titular de Benestar valorou que “o que

os nenos achegan ás familias é aínda máis valioso, provoca que nos reformulemos moitas cousas, ás que damos máis importancia da que teñen e é unha experiencia que dá a oportunidade de frear, de saír do estrés cotiá, de ver o mundo coa inocencia dun neno, que é o modo máis bonito de velo e, sen dúbida, o modo máis feliz”.

Mato felicitou a Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS) pola organización do programa e por todas as iniciativas que desenvolven neste eido, para o que contan co apoio da Xunta. De feito, hai uns meses o vicepresidente visitou os campamentos de Tinduf, onde puido comprobar o proxecto que desenvolve a entidade e no que o Goberno galego colabora directamente na prestación de



A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, recibiu hoxe na Praza do Obradoiro aos máis de 300 nenos e nenas saharauís que están a participar en Galicia na iniciativa. Autor: Xoán Crespo

axuda e material sanitario, así como a construción dunha casa para médicos cun investimento de 100.000 euros anuais.

Polo que respecta á Consellería de Traballo e Benestar, o departamento autonómico

apoiar a Solidariedade Galega do Pobo Saharauí no desenvolvemento do programa Vacacións en Paz a través dun convenio anual que volverá a asinarse este ano.

Aprobado o informe social de inclusión para a homoxeneización dos criterios e axilización do procedemento administrativo

- ▶ O Diario Oficial de Galicia (DOG nº 131, do 14.07.2015) publica a orde polo que se aproba o modelo de ISI
- ▶ A iniciativa da Consellería de Traballo e Benestar mellorará a coordinación entre os profesionais e as institucións que participan na prevención e na atención das persoas en risco de exclusión

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2015.- A Xunta vén de aprobar o Informe Social de Inclusión (ISI) para a mellora da coordinación entre os profesionais e as institucións que participan na prevención e na atención das persoas en risco ou situación de exclusión, así como nos diferentes procesos administrativos para o acceso ás diversas prestacións e servizos na área da inclusión social.

O Diario Oficial de Galicia (DOG nº 131, do 14.07.2015) publicou a orde da Consellería de Traballo e Benestar pola que se aproba este modelo. Esta actuación

facilitará o traballo profesional cun triplo obxectivo: homoxeneizar os criterios para a recompilación e a organización da información que se reflicte no informe social; recoller a información necesaria para a xestión dos diferentes servizos e prestacións, servindo á vez de base para a comunicación e a coordinación interprofesional e interinstitucional; e, por último, garantir que cada profesional se basee nos mesmos indicadores que se teñen que ter en conta nas diferentes intervencións.

O que se pretende con esta iniciativa da Consellería de Traballo e Benestar é facilitar un instrumento

normalizado que recolla a información básica, pero suficientemente ampla para lograr unha perspectiva global da situación das persoas e mais da súa unidade familiar e do seu contorno, así como das súas necesidades.

En definitiva, esta actuación pretende unificar e homoxeneizar os criterios sociais precisos para realizar as valoracións sociais preceptivas e simplificar trámites e xestións administrativas, ao reducir a un só os distintos modelos de informe social con contidos semellantes que se viñan utilizando no eido da inclusión social.

Na elaboración deste modelo contou co Colexio de Traballadores Sociais e cun grupo de traballo constituído polos principais axentes implicados nas intervencións da área de inclusión social, o que posibilitou incorporar a experiencia do persoal técnico que traballa no ámbito dos servizos sociais, en xeral, e da inclusión social, en particular. Esta actuación dá continuidade á posta en marcha o ano pasado dun modelo de informe social unificado para a área de dependencia, discapacidade e promoción da autonomía persoal.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150714/AnuncioCA05-060715-0004_gl.pdf



O portal de interoperabilidade da Xunta incorpora os certificados de discapacidade e familia numerosa



A integración destes novos servizos formalizouse coa sinatura dun convenio entre a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato e a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, Mar Pereira.

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2015.- A Xunta vén de incorporar ao seu Portal de Interoperabilidade pasaXe!, tres novos documentos: o certificado galego de asimilación á condición de familia numerosa, o de discapacidade e o título de familia numerosa. Así, os máis de 233.000 galegos que dispoñen destes documentos acreditativos xa non terán que presentalos naqueles trámites administrativos que os requiran.

A integración destes novos servizos formalizouse coa sinatura dun convenio entre a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato e a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, Mar Pereira. A consellería é o primeiro departamento autónomo en adherirse ao nodo de interoperabilidade, que, só no primeiro cuadrimestre de 2015, evitou a petición de 500.000 documentos ou certificados a cidadáns e empresas para a realización de trámites administrativos.

PasaXe! é a plataforma tecnolóxica que permite o intercambio de información entre as administracións, evitando ao cidadán achegar documentación que xa obra en poder delas, cumprindo así coa obrigas establecidas nas

Lei 11/2007 do 22 xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Ademais, reduce da documentación necesaria para xestionar un expediente e unifica nun único punto as relacións con outras administracións.

Con estas tres novas incorporacións, pasaXe! permite consultar 35 tipos de certificados como o de identidade, dependencia, a renda, datos catastrais, estar ao día do pagamento das obrigas tributarias, datos catastrais, títulos universitarios,

- ▶ Os máis de 233.000 galegos que dispoñen destes documentos acreditativos xa non terán que presentalos naqueles trámites administrativos que os requiran
- ▶ pasaXe! permite o intercambio de información online entre as Administracións e evita ao cidadán ter achegar documentos que xa están en poder delas
- ▶ No primeiro semestre 2015 esta plataforma evitou a cidadáns e empresas a presentación de arredor de 500.000 documentos
- ▶ Xa se poden consultar na plataforma 33 tipos de certificados como o de identidade, dependencia, datos catastrais, o imposto de actividades económicas, títulos universitarios ou a alta na Seguridade Social, entre outros.

certificados de nacemento, matrimonio ou defunción ou a alta na Seguridade Social, entre outros. Son documentos achegados por 14 entidades distintas, incluíndo a propia Xunta (Ministerios de Educación, Facenda e Administracións Públicas, Dirección Xeral de Policía, Instituto Nacional da Seguridade Social....) e a Comunidade autónoma de Navarra.

Incorporación das entidades locais

Entre os seguintes fitos para consolidar o uso de PasaXe!, está a posta á disposición do portal as entidades locais. O pasado mes de maio incorporáronse a

Deputación da Coruña e os concellos de Abegondo e A Laracha.

Aforro

O impulso da interoperabilidade enmárcase nas medidas do Plan de Goberno e Administración Dixital 2015-2020 co obxectivo de acadar o millón de consultas en 2016, o que posibilitará un aforro de 5 millóns de euros pola redución de cargas administrativas.

A interoperabilidade entre as Administracións públicas é un elemento fundamental para consolidar unha administración que acade a tramitación electrónica íntegra do procedemento administrativo.

http://administracionelectronica.gob.es/pae_Home/pae_Estrategias/pae_Interoperabilidad_Inicio/pae_Interoperabilidad.html#_VcR3CE0cS9I



Feijóo anuncia unha nova ampliación dos recursos da RISGA e a resolución das solicitudes con maior axilidade

- Afirmar que con esta iniciativa a Xunta renova e reforza o seu compromiso coas persoas receptoras da renda de inclusión social, como xa se fixo ao facer compatible a percepción da Risga cos primeiros momentos dun postos de traballo ou ao incrementar todos os anos o orzamento neste eido
- En relación co desemprego, Feijóo avanza tamén a decisión de que as axencias de colocación poderán ser entes colaboradores do Servizo Público de Emprego de Galicia a partir do mes de outubro.

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2015.-

O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, anunciou na rolda de prensa do Consello unha nova ampliación dos recursos para atender os beneficiarios da Risga e a decisión de axilizar os mecanismos para resolver as solicitudes.

Logo de recoñecer que a loita contra a exclusión social ten sido un dos principais obxectivos do Executivo autonómico, "e seguireo sendo tamén neste momento", Feijóo precisou que con esta ampliación de recursos se rematará o ano cun orzamento de máis de 53 millóns de euros, é dicir, máis de 5 millóns sobre o previsto ao inicio do ano e un 133% máis que en 2009, cando o orzamento era de 22,7 millóns.

No tocante á axilización dos mecanismos para resolver as

solicitudes, o titular da Xunta afirmou que o obxectivo é que todas elas se resolvan e notifiquen nun prazo de 60 días, "de forma que poidamos atender –dixo– todas as solicitudes con dereito xa presentadas no primeiro semestre do ano e as que se presenten no último semestre de 2015, é dicir, de xeito que a lista de espera dos solicitantes da Risga sexa cero".

Con esta iniciativa, Feijóo afirmou que o Goberno galego renova e reforza o seu compromiso coas persoas receptoras da Renda de Inclusión Social, conscientes de que son un colectivo con dificultades. "Xa o demostramos facendo compatible a percepción da Risga cos primeiros momentos dun postos de traballo; incrementando todos os anos o orzamento; e, finalmente, axilizando a tramitación para que a lista de espera sexa a

mínima e garantir a seguridade do proceso, é dicir, unha lista de espera equivalente na práctica a cero".

Durante a rolda de prensa, o responsable autonómico destacou que o pasado ano 2014 se pechou con 12.348 beneficiarios acumulados, un 8,3% máis que en 2013, se ben por primeira vez se rexistrou un descenso no número de solicitudes presentadas, unha tendencia que se consolida no primeiro semestre de 2015, no que existe un descenso do 13% con respecto ao mesmo período do ano anterior.

Axencias de colocación como entes colaboradores do Servizo Público de Emprego

Por outra banda, o titular da Xunta destacou tamén a decisión de que as axencias de colocación poderán ser entes colaboradores do Servizo Público de Emprego de Galicia a partir do mes de outubro.

Máis polo miúdo, o presidente do Executivo galego explicou que este acordo, que se realiza ao abeiro do acordo marco estatal, ten como principal obxectivo ampliar a intermediación no mercado laboral

do colectivo de desempregados con especiais dificultades de inserción.

Os destinatarios desta medida serán os beneficiarios do programa Activa ou maiores de 45 anos con máis de dous anos de desemprego; os desempregados de entre 26 e 44 anos con menos de 6 meses de desemprego; os beneficiarios da RISGA, maiores de 45 anos e con máis de 2 anos de desemprego; os menores de 25 anos con formación e menos de 6 meses de desemprego, e as persoas de entre 45 e 54 anos con menos de seis meses de desemprego.

Feijóo precisou que o Servizo Público de Emprego de Galicia será o encargado de coordinar todo o proceso e seguilo directamente: "Así –explicou–, será o Servizo Público de Emprego o que remita os desempregados ás axencias; e, estes recibirán unha atención integral, que comprenderá calquera actuación (orientación, formación, intermediación...) que sexa positiva para o seu acceso ao mercado laboral".

De acordo co que se establece nos pregos de contratación, a Xunta aboará unha contía por cada contrato obtido, sempre que este sume un total de 6 meses nun período de 8, ou no período dun ano para o caso dos traballadores fixos descontinuos.

Para este programa, a Xunta conta cunha partida de 4,9 millóns de euros. E poderán optar a este programa as axencias autorizadas polo Estado que teñan un centro aberto en Galicia e que presentasen declaración responsable en 30 de abril (en total, neste momento son 22).

Feijóo afirmou que con esta iniciativa se abre unha nova posibilidade de apoio para as persoas que queren traballar e non poden, coa supervisión do Servizo Público de Emprego.

Traballo incentivará a contratación de persoas en risco de exclusión social con axudas entre 2.500 e 5.000 euros

- O Diario Oficial de Galicia (DOG nº 151, do 11.08.2015) publica esta convocatoria, que está dotada cun orzamento de 125.000 euros.

Santiago de Compostela, 11 de agosto de 2015.- A Consellería de Traballo e Benestar incentivará a contratación temporal das persoas desempregadas en situación ou en risco de exclusión social con axudas de entre 2.500 e 5.000 euros, en función da duración do contrato.

O Diario Oficial de Galicia (DOG nº151, do 11.08.2015) publica esta convocatoria de axudas, que ten como finalidade mellorar a empregabilidade e ocupabilidade destas persoas.

En concreto, consideraranse beneficiarios os seguintes colectivos: persoas que estean nunha situación de cargas familiares non compartidas; vítimas de violencia doméstica; persoas en proceso de rehabilitación social, como resultado dun programa de

deshabitación de substancias adictivas ou de calquera outra adicción que produza efectos persoais e sociais de natureza semellante; mulleres vítimas de violencia de xénero; persoas con discapacidade valorada superior ao 33 %; inmigrantes ou emigrantes retornados; persoas procedentes de institucións de protección ou reeducación de menores ou de cumprimento de pena nunha institución penitenciaria; persoas sen fogar ou que habitan nunha infravivenda; pertencentes a unha minoría étnica; persoas en proceso de abandono do exercicio da prostitución ou ser vítima de explotación sexual-laboral en redes de prostitución ou de tráfico de persoas; persoas transexuais ou en proceso de reasignación sexual; ou persoas

afectadas por calquera outro factor non previsto expresamente no artigo 3 da Lei 10/2013, sempre que, ponderado polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social da persoa, condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral.

Ao abeiro destas axudas, serán subvencionables as contratacións de carácter temporal realizadas desde o 1 de outubro de 2014 ata o 30 de setembro de 2015. Os incentivos serán de aplicación en todas as modalidades contractuais de carácter temporal, a tempo completo ou parcial.

Poderán optar a estas subvencións persoas empregadoras e empresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens.

Esta iniciativa inscribese na aposta do Goberno galego por desenvolver accións ou medidas que faciliten a inserción laboral das persoas que se atopan en situación de risco de exclusión social. Nesta mesma liña de acción, inclúense outras accións como a orde para a contratación nos concellos de perceptores da renda de inclusión social de Galicia (RISGA), ou a nova estratexia de inclusión social de Galicia.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150811/AnuncioCA05-030815-0010_gl.pdf



Galicia asume en Bruxelas a representación das comunidades autónomas no grupo de traballo de emprego

- A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz, participou na súa primeira reunión de traballo, preparatoria do Consello da UE na súa área de Emprego, Política Social, Sanidade e Consumidores (EPSCO)
- Ademais, tamén mantivo encontros de traballo sobre a implantación do sistema de Garantía Xuvenil.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2015.-

Galicia asume neste segundo semestre de 2015 a representación das comunidades autónomas españolas no grupo de traballo de asuntos sociais, preparatorio do Consello da Unión Europea na súa área de Emprego, Política social, Sanidade e Consumidores (EPSCO), un papel que recae na Consellería de Traballo e Benestar.

A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz, desprazouse hoxe a Bruxelas para participar na reunión deste grupo

de traballo. Nesta primeira xuntanza, debatéronse as emendas do Parlamento Europeo ao texto que recolle as propostas sobre as directrices para as políticas de emprego dos estados membros.

Durante os próximos seis meses, o departamento autonómico participará activamente nas reunións de traballo deste grupo preparatorio, e coordinará as negociacións necesarias para acadar unha posición común entre as comunidades autónomas que, de ser alcanzada, será elevada ao Consello EPSCO en outubro e decembro.

Ademais, a responsable autonómica mantivo outros encontros de traballo en Bruxelas. Así, reuniuse con responsables da Dirección Xeral de Emprego da Comisión Europea para a Garantía Xuvenil. Na xuntanza, avalíase a implantación deste sistema nos

diferentes países, e valorouse positivamente algunhas das medidas postas en marcha por Galicia, como o tratamento personalizado dos mozos e mozas a través da rede de orientadores YEI, ubicados nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia.

<http://www.consilium.europa.eu/es/council-eu/configurations/epsco/>



<http://benestar.xunta.es/web/portal/renda-de-integracion-social-de-galicia-risga>



Traballo destina máis dun millón de euros para a integración das persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego

- ▶ O Diario Oficial de Galicia (DOG nº 155, do 17.08.2015) publica a orde pola que se convocan para o ano 2015 os incentivos para a creación ou ampliación do cadro de persoal fixo nos 114 centros especiais de emprego existentes na Comunidade e as subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional destes centros
- ▶ A esta orde hai que engadir 7,5 millóns de euros para a subvención plurianual do custo salarial para o mantemento dos postos de traballo ocupados por persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego
- ▶ Os centros especiais dan emprego na actualidade a preto de 2.000 persoas con discapacidade.

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2015.-

O Diario Oficial de Galicia (DOG nº 155, do 17.08.2015) publica a orde pola que se convocan para o ano 2015 os incentivos para a creación ou ampliación do cadro de persoal fixo nos 114 centros especiais de emprego existentes na Comunidade e as subvencións ás súas unidades de apoio á actividade profesional, que contan cun orzamento de 1,09 millóns de euros

<http://www.xunta.es/dog/>

Publicados/2015/20150817/Anuncio-CA05-100815-0001_gl.html



A esta orde hai que engadir o orzamento destinado á subvención plurianual do custo salarial para o mantemento dos postos de traballo ocupados por persoas con discapacidade nos centros especiais para o período do 1 de xullo de 2015 ata o 30 de xuño de 2016, dentro do 'Programa para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego'. Esta orde prevé un orzamento de 7,5 millóns de euros.

Esta orde ten por finalidade promover a integración laboral das persoas con discapacidade nos centros especiais de Galicia, que dan emprego a preto de 2.000 persoas con discapacidade, a

través dos seguintes programas: o de creación ou ampliación do cadro de persoal fixo ocupado por persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego; e o de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego.

O primeiro ten por obxecto fomentar a creación de novos centros especiais de emprego, así como a ampliación e o mantemento do emprego nos que xa existen mediante o financiamento parcial de iniciativas ou proxectos técnica, económica e financeiramente viables que xeren emprego, preferentemente estable, para traballadores e traballadoras con discapacidade. Tamén recolle as subvencións excepcionais para saneamento financeiro e equilibrio orzamentario para favorecer a viabilidade e supervivencia destes centros. O prazo de presentación de solicitudes finaliza o 30 de setembro.

O segundo promove a integración laboral das persoas con discapacidade con maiores

dificultades de inserción mediante o seu emprego nos centros especiais de emprego financiando parcialmente o custo dos profesionais das unidades de apoio á actividade profesional. O prazo de presentación de solicitudes é dun mes e remata o 17 de setembro.

Esta iniciativa encádrase no esforzo da Xunta por acadar unha integración plena das persoas con discapacidade, no que o acceso ao emprego é un elemento decisivo. Para iso, a Consellería de Traballo e Benestar establece accións específicas para a inserción deste colectivo, así como para a súa permanencia no mercado laboral.

Así, a Consellería só en 2015 incrementou nun 2 por cento o orzamento dos programas de emprego para as persoas con discapacidade ata preto dos 18 millóns de euros. Aproximadamente, a metade está destinada aos centros especiais de emprego e permite subvencionar o posto laboral dos 2.000 traballadores e traballadoras con discapacidade.

A Xunta reservará entre un 3 e 5 % de contratación pública aos centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2015.-

A Xunta implementará por primeira vez a reserva con carácter obrigatorio por Lei de entre un 3 e 5 por cento de contratos públicos aos centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral. Esta cota de contratación será para aquelas obras e servizos susceptibles de ser realizables por un centro especial de emprego ou empresa de inserción laboral, tal e como o marca o artigo 26 da Lei de racionalización do sector público autonómico.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, mantivo en Santiago unha xuntanza coa xunta directiva da Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro (Cegasal) e o seu presidente, José Antonio Vázquez, para comunicarlle este acordo de Goberno. A reserva, polo tanto, será para a contratación, entre outros, de obras e servizos de conservación e mantemento de bens inmoables; servizos de conserxaría, mensaxaría e correspondencia; servizos de xardinaría e forestal; artes gráficas;

labores de limpeza e lavandaría; restauración; e fabricación de roupa de traballo.

Mato destacou que esta medida favorecerá o mantemento e mesmo ampliación dos preto de 2.000 postos de traballo de persoas con discapacidade e de persoas que pertencen a colectivos en risco de exclusión social que traballan nos máis de 120 centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral de Galicia. Así mesmo, favorecerá a competitividade e produtividade deste tipo de empresas.

A titular de Benestar resaltou que o Goberno galego desenvolve esta iniciativa porque "estamos convencidos de que non hai outro instrumento tan poderoso para a inclusión como é o acceso a un posto de traballo e a súa permanencia nel".

Por último, Mato referiuse ao orzamento global da discapacidade que se incrementou en 2015 por segundo ano consecutivo, alcanzando en global a cifra de 100 millóns de euros. Isto supón un crecemento de preto do 9 por cento nos dos últimos anos.

Traballo incrementa nun 26% o seu apoio para a promoción do emprego autónomo ata os 19,3 millóns de euros



Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2014.-

A Consellería de Traballo e Benestar destinará 19,3 millóns de euros para a promoción do emprego autónomo a través de dúas ordes de axudas que publica o Diario Oficial de Galicia (DOG nº 157, do 19.08.2015), o que supón un incremento no investimento do 26%. Subvencionaranse, en concreto, as altas como autónomos que se formalizasen entre o 1 de outubro de 2014 e o 30 de setembro de 2015.

A directora xeral de Traballo e Economía Social, Carmen Bouso, explicou en rolda de prensa estas medidas, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE): o programa para a promoción do emprego autónomo, que este ano conta cunha dotación de 17 millóns de euros; e o destinado

aos mozos e mozas menores de 30 anos inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, posto en marcha por primeira vez cunha dotación orzamentaria de 2,3 millóns de euros.

O programa xeral conta con dúas subvencións: unha para o establecemento como persoa traballadora autónoma ou por conta propia, con axudas de entre 5.000 e 10.000 euros; e unha segunda para a posta en marcha de iniciativas de autoemprego xuvenil para menores de 30 anos, cunha contía de 1.200 euros. O prazo de presentación de solicitudes esténdese desde o 20 de agosto, ata o 19 de setembro.

Como novidade, o departamento autonómico pon en marcha este ano un programa específico para mozos e mozas menores de 30 anos inscritos no

A directora xeral de Traballo e Economía Social, Carmen Bouso, explicou en rolda de prensa as dúas ordes que publica o Diario Oficial de Galicia (DOG nº 157, do 19.08.2015) para subvencionar as altas como autónomos que se formalizasen entre o 1 de outubro de 2014 e o 30 de setembro de 2015

O programa xeral conta con dúas subvencións: unha para o establecemento como autónomo, con axudas de entre 5.000 e 10.000 euros; e outra para o autoemprego para menores de 30 anos, cunha contía de 1.200 euros

Como novidade, o departamento autonómico pon en marcha este ano un programa específico para mozos e mozas inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil que pretendan desenvolver a súa actividade como autónomos en Galicia, cunha dotación de 2,3 millóns de euros

A directora xeral salientou que, "en global, as partidas para o emprendemento, autónomos e cooperativismo, motores da dinamización económica e da xeración de emprego en Galicia, blíndanse con 27 millóns de euros".

Sistema Nacional de Garantía Xuvenil que pretendan desenvolver a súa actividade como autónomos en Galicia, cunha dotación de 2,3 millóns de euros.

Segundo explicou Carmen Bouso, esta iniciativa conta con dous tipos de axuda: subvencións para o establecemento de mozos e mozas como persoas traballadoras autónomas ou por conta propia de entre 7.500 e 10.000 euros; e outra para a posta en marcha de iniciativas de autoemprego xuvenil, cunha contía de 1.200 euros. O prazo de presentación de solicitudes esténdese desde mañá, 20 de agosto, ata o 30 de setembro.

Para inscribirse no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil es necesario ter nacionalidade española ou ser cidadán europeo ou estranxeiro que resida en España, estar empadroadado en calquera municipio español, ser menor de 30 anos, non ter traballado nos 30 días anteriores

á solicitude, e non ter recibido accións educativas de máis de 40 horas mensuais nos 90 días anteriores.

A directora xeral destacou que o departamento autonómico seguirá a apoiar o labor dos emprendedores e autónomos e fixo fincapé na aposta do Goberno galego pola mocidade neste eido. Resaltou que o Goberno galego seguirá a impulsar o traballo autónomo "facendo atractiva esta vía de incorporación ou reincorporación ao mercado laboral para a mocidade".

A estes dous programas para fomentar o emprego autónomo súmanse outras axudas da Consellería de Traballo e Benestar para este mesmo fin. A directora xeral salientou que as partidas para o emprendemento, autónomos e cooperativismo, motores da dinamización económica e da xeración de emprego en Galicia, blíndanse con 27 millóns de euros".

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150819/AnuncioCA05-120815-0002_gl.html



http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150819/AnuncioCA05-120815-0001_gl.html



Traballo impulsará entre menores de 30 anos o autoemprego en cooperativas e sociedades laborais con axudas de ata 60.000 euros

- ▶ O Diario Oficial de Galicia (DOG nº 163, do 27.08.2015) publica esta orde que inclúe dous tipos de actuación aos que a Xunta destina preto de 775.000 euros
- ▶ Estas subvencións están dirixidas a fomentar o autoemprego dos mozos e mozas inscritos no Sistema nacional de garantía xuvenil a través da súa incorporación a cooperativas ou sociedades laborais
- ▶ O prazo de presentación de solicitudes rematará o 30 de setembro.

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2015.- A Consellería de Traballo e Benestar investirá preto de 775.000 euros para fomentar o autoemprego en cooperativas e sociedades laborais das persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil. As axudas oscilan entre os 600 e 60.000 euros.

O Diario Oficial de Galicia (DOG nº 163, do 27.08.2015) publica a convocatoria desta orde de axudas que inclúe dous tipos de programas diferentes: de incorporación a cooperativas e sociedades laborais e de fomento do emprendemento. O prazo de presentación de solicitudes rematará o 30 de setembro. O período de execución de accións abranguerá desde o 1 de xaneiro de 2015 ata o 14 de novembro de 2015.

Programa de incorporación a cooperativas e sociedades laborais

O programa de incorporación a cooperativas e sociedades laborais está dirixido a impulsar a incorporación de mozos e mozas como socios e socias traballadoras ou de traballo a esta tipoloxía de empresas, así como a apoiar o desenvolvemento de proxectos de creación nos que participen mozos e mozas menores de 30 anos mediante a concesión de incentivos e subvencións para o financiamento de determinados custos derivados do lanzamento da actividade.

Polo tanto, poderán acollerse a estas axudas as sociedades cooperativas galegas inscritas no Rexistro de Cooperativas de

Galicia e as sociedades laborais inscritas no Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais dependente da Xunta e no Rexistro Mercantil que incorporen mozos ou mozas inscritos/as no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil como persoas socias traballadoras ou de traballo.

Pola incorporación como socios e socias traballadores/as ou de traballo, con carácter indefinido, a axuda pode ser de 12.000 euros por mozo ou moza incorporado/a, ata un máximo de 48.000 euros por entidade beneficiaria.

Se a cooperativa ou sociedade laboral é de nova creación, a contía da subvención por persoa incorporada será de 15.000 euros ata un máximo de 60.000 euros por entidade beneficiaria. Para os efectos desta subvención, consideraranse como cooperativas ou sociedades laborais de nova creación as que non superen os dous anos de actividade, contados ininterrompidamente desde a data de alta no imposto de actividades económicas ou, de ser o caso, da alta no censo de

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150827/AnuncioCA05-190815-0001_gl.html



persoas obrigadas tributarias do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, ata a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Para facilitar o acceso ao emprego das persoas mozas, incentívase tamén a incorporación como socios e socias traballadores/as ou de traballo a proba. Neste caso, a subvención para as cooperativas ou sociedades laborais poderá ser de 600 euros ao mes, por un período de entre 6 e 12 meses, por mozo ou moza incorporado/a e ata un máximo de 14.400 euros por entidade beneficiaria.

A incorporación poderá ser a xornada completa ou a tempo parcial. Neste último caso, as contías redúcense ao 50 por cento.

Fomento do emprendemento

O segundo programa, o de fomento do emprendemento, ten por obxecto facilitar o acceso á mocidade á condición de persoas socias de cooperativas impulsando a posta en marcha da actividade emprendedora por

conta propia. Así, poderán acollerse ás subvencións previstas neste programa os mozos e mozas inscritos no Sistema nacional de garantía xuvenil en Galicia que emprendan unha actividade por conta propia e se incorporen a unha cooperativa en condición de socios, con compromiso de exclusividade para comercializar os seus produtos, obter subministracións, servizos e a asistencia técnica que precisen.

A persoa moza que solicita a subvención debe estar desempregada e non ter traballado nos 30 días naturais anteriores á data na que emprenda a actividade por conta propia. As axudas serán dunha contía de 3.000 euros por persoa beneficiaria para o inicio da actividade. Tamén se financiarán os custos de estudo e formalización de microcréditos ata o 100 por cento cun máximo de 2.000 euros por solicitude.

As actuacións previstas nesta orde de axudas enmárcanse dentro do Programa operativo de emprego xuvenil, cofinanciado pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo.

<http://traballo.xunta.es/portada-cooperativismo-e-economia-social>



Traballo convoca os 'Premios RSE Galicia' para recoñecer o labor das firmas no eido da responsabilidade social

- ▶ O Diario Oficial de Galicia (DOG nº14, do 14.08.2015) publica as bases reguladoras destes galardóns que vén de crear a Consellería de Traballo e Benestar
- ▶ Terán un carácter honorífico, celebraranse anualmente e contarán con tres categorías para premiar as pequenas, medianas e grandes empresas
- ▶ Os premios inclúen catro modalidades: recoñecemento no ámbito social, no eido ambiental, económico e da conciliación laboral, familiar e persoal e da promoción da igualdade de xénero
- ▶ Poderán optar as empresas públicas ou privadas galegas ou que contén con centros de traballo en Galicia.

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2014.-

A Consellería de Traballo e Benestar vén de convocar os 'Premios RSE Galicia' que recoñecerán publicamente aquelas empresas galegas ou con centros de traballo en Galicia que nas súas políticas e sistemas de xestión implanten e poñan en funcionamento os principios e prácticas de responsabilidade social empresarial. O Diario Oficial de Galicia (DOG nº 154, do 14.08.2015) publica as bases reguladoras destes galardóns que vén de crear a Consellería de Traballo e Benestar e que, polo tanto, celebraranse por primeira vez este ano. Terán un carácter honorífico e unha periodicidade anual.

O prazo de presentación de solicitudes rematará nun mes contado a partir de mañá.

Os galardóns carecerán de dotación económica, xa que se trata de recoñecer publicamente o labor que realizan as empresas que adoptan principios e prácticas de RSE. É unha maneira de difundir publicamente o esforzo que neste campo levan a cabo as empresas galegas nas comunidades onde desenvolven a súa actividade e ao mesmo tempo sensibilizar o empresariado galego sobre a importancia de incorporar a RSE na súa xestión. O Goberno galego tamén pretende con esta iniciativa concienciar a opinión pública sobre a importancia desta forma de xestión empresarial.

Tres categorías e catro modalidades

Os 'Premios RSE Galicia' contarán con tres categorías segundo o tamaño da firma: pequena empresa para aquelas que contén ata con 50 persoas, inclusive; mediana empresa, máis de 50 e ata 250 traballadores e traballadoras, inclusive; e, por último, grande empresa para aquelas que ocupen a máis de 250 persoas.

O certame contará con catro modalidades ou recoñecementos: o ámbito social, o eido ambiental, económico e da conciliación laboral, familiar e persoal e da promoción da igualdade de xénero. O fomento da conciliación vai en consonancia co Plan de dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, Horizonte 2020, que inclúe entre as súas medidas o fomento de actuacións de conciliación entre as pequenas e medianas empresas.

No eido social teranse en conta aspectos tales como a creación e calidade do emprego, a diversidade, igualdade, integración social, formación, acción social, compromiso coa comunidade local ou calquera outro que redunde neste ámbito. No eido ambiental premiarase o impacto ambiental que xera a empresa na súa actividade e no económico teranse en conta aspectos tales como a innovación, a calidade e a ética empresarial.

Por último, no recoñecemento no ámbito da conciliación

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150814/AnuncioCA05-060815-0003_gl.html



laboral, familiar e persoal e da promoción da igualdade de xénero valoraranse as actuacións que faciliten no seu cadro de persoal a conciliación a través de medidas como a reorganización de tempos e espazos; recursos e estruturas para o coidado doutras persoas; medidas que posibiliten o seu desenvolvemento persoal; ou a modificación de roles entre mulleres e homes que fomenten a implicación de ambos coa familia, así como as accións para eliminar a discriminación por razón de xénero no ámbito da empresa.

Premiarase, polo tanto, o proxecto, iniciativa ou medida acometida pola empresa para implantar e desenvolver o concepto de responsabilidade social, dentro das áreas de tipo social, ambiental e económica. Preténdese, así, resaltar, impulsar, recoñecer e promover iniciativas concretas que sirvan de exemplo para o tecido empresarial en Galicia e indispensables para o seu fortalecemento e adaptación aos novos contornos económicos.

Aos galardóns poderán optar as empresas públicas e privadas galegas que a través

das súas políticas e sistemas de xestión desenvolvan actuacións responsables demostrando, así, o seu compromiso activo coa sociedade, sempre que cumpran os requisitos establecidos na orde de convocatoria. Non poderán optar aos premios as entidades sen ánimo de lucro.

Un xurado de profesionais

Estes premios serán outorgados no transcurso dun acto público. O ditame dos galardóns correrá a cargo dun xurado que estará composto por membros da Xunta, así como por representantes das organizacións empresarias e sindicais intersectoriais máis representativas de Galicia. Tamén formarán parte persoas expertas en materia de RSE.

A convocatoria destes premios está prevista no Plan estratéxico galego de responsabilidade social empresarial (2012-2014), que ten entre os seus obxectivos fomentar a RSE para incrementar o número de empresas socialmente responsables.

Toda a información sobre este premios estará dispoñible na páxina da RSE da Xunta: <http://rse.xunta.es>.

<https://rse.xunta.es/>



Traballo lanza unha campaña para fomentar o uso do chaleco salvavidas no sector pesqueiro e previr accidentes laborais

- ▶ A directora xeral de Traballo e Economía Social, Carmen Bouso, presentou esta iniciativa en Baiona
- ▶ A campaña consiste na distribución de máis de 11.000 documentos de material informativo en concellos, confrarías de pescadores, centros de saúde, casas de cultura, lonxas, peixarías ou farmacias
- ▶ O ISSGA complementa esta iniciativa con 18 cursos prácticos de formación en actuación en caso de accidente e utilización axeitada do chaleco salvavidas e outros medios de salvamento e protección
- ▶ A campaña complementa outras iniciativas como é o caso do programa Vixía, unha iniciativa pioneira en España na que equipos de control especializados realizan as inspeccións a bordo dos buques.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2015.- Baiona (Pontevedra), 13 de xullo de 2015.- O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), dependente da Consellería de Traballo e Benestar, vén de poñer en marcha unha nova campaña de sensibilización sobre o uso do chaleco salvavidas dirixida aos traballadores e traballadoras do mar, co obxectivo de previr os riscos laborais no sector pesqueiro.

A directora xeral de Traballo e Economía Social, Carmen Bouso, presentou hoxe esta iniciativa en Baiona e, na súa intervención, indicou que se enmarca no Plan de actividades do ISSGA para este ano coa intención de mellorar os hábitos laborais dos profesionais do mar e implantar unha conciencia preventiva no sector. A campaña consiste na distribución de máis de 11.000 documentos de material informativo en concellos, confrarías

de pescadores, centros de saúde, casas de cultura, lonxas, peixarías ou farmacias sobre a importancia da utilización do chaleco salvavidas e a súa correcta colocación. En concreto, trátase de explicar cales son os motivos para utilizar o chaleco salvavidas, indicar a necesidade de elixir o axeitado en función das circunstancias existentes, incidir na importancia de utilizalo mentres se traballa na cuberta

da embarcación, dar indicacións básicas sobre o almacenamento e mantemento e unha especial referencia á correcta colocación. O ISSGA complementa esta iniciativa con 18 cursos prácticos de formación en actuación en caso de accidente e utilización axeitada do chaleco salvavidas e outros medios de salvamento e protección no sector pesqueiro, dirixidos a traballadores e traballadoras deste sector.

http://issga.xunta.es/export/sites/default/recursos/descargas/documentacion/publicacions/Gal_-_trixueptico_chaleco_web.pdf



Destes 18 cursos xa se realizaron 8, nos concellos de Porto do Son, Outes, A Pobra do Caramiñal, Boiro, Vilanova de Arousa, A Illa de Arousa, Xove e Cariño, nos que participaron un total de 93 alumnos e alumnas. No segundo semestre do ano realizaranse as restantes edicións dos cursos, nos concellos de Muros, Ribeira, A Guarda, Soutomaior, Laxe, Camariñas, O Grove, Cambados, Cedeira e Burela.

A campaña complementa outras iniciativas como é o caso dos programas Segumar e Vixía, unha iniciativa pioneira en España na que equipos de control especializados formados por un inspector de traballo e seguridade social e por un técnico de prevención de riscos laborais do ISSGA realizan as inspeccións a bordo dos buques no que se refire ás condicións de seguridade e saúde.

Galicia rexistrou un total de 2.120 accidentes laborais no mes de xullo

- ▶ Do total dos accidentes, 2.078 foron leves, 35 graves e 7 mortais
- ▶ Entre xaneiro e xullo houbo en Galicia un total de 14.326 sinistros.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2015.- Galicia pechou o mes de xullo cun total de 2.120 accidentes laborais en xornada laboral, fronte aos 1.872 rexistrados no mesmo mes do ano anterior. Do total dos accidentes, 2.078 foron leves, 35 graves e 7 mortais.

Por sectores, os accidentes aumentaron nas seguintes porcentaxes: na agricultura nun 7,69%; na industria nun 12,46%; nos servizos nun 13,44%; e na construción nun 23,38%. Os accidentes diminuíron na pesca nun 6,67%.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, utilízase o índice de incidencia, que compara o número de accidentes co número de traballadores coas continxencias profesionais cubertas.

O índice de incidencia do total dos accidentes en xornada laboral en Galicia aumentou un 10,70% en xullo deste ano respecto ao mesmo mes do ano anterior. Os aumentos, segundo sectores, foron os seguintes: na agricultura do 8,91%; na industria e nos servizos do 10,38%; e na construción do 20,91%. A incidencia na pesca diminuíu nun 5,10%.

De xaneiro a xullo

A sinistralidade laboral aumentou un 10,18% nos primeiros sete meses do ano, cun total de 14.326 accidentes laborais fronte aos 13.002 no mesmo período do ano 2014.

Este aumento dos accidentes laborais non se produciu por igual en todas as provincias: houbo un aumento do 2,84% na Coruña, do 4,78% en Lugo, do 8,33% en Ourense e do 23,96% en Pontevedra.

Accidentes totais en xornada laboral no mes de xullo de 2015:

	2014			2015			% Variación		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Agricultura	80	24	104	81	31	112	1,25	29,17	7,69
Pesca	69	6	75	64	6	70	-7,25	0,00	-6,67
Industria	451	111	562	514	118	632	13,97	6,31	12,46
Construción	231	0	231	281	4	285	21,65	-	-
Servizos	499	401	900	550	471	1.021	10,22	17,46	13,44
Totais	1.330	542	1.872	1.490	630	2.120	16,24	13,25	

Accidentes totais en xornada laboral de xaneiro a xullo:

	2014			2015			% Variación		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Agricultura	472	161	633	527	185	712	11,65	14,91	12,48
Pesca	672	67	739	552	67	619	-17,86	0,00	-16,24
Industria	2.903	690	3.593	3.325	757	4.082	14,54	9,71	13,61
Construción	1.589	12	1.601	1.699	17	1.716	6,92	41,67	7,18
Servizos	3.384	3.052	6.436	3.858	3.339	7.197	14,01	9,40	11,82
Totais	9.020	3.982	9.961	4.365	10,43	9,62	10,18		

Accidentes totais por provincias de xaneiro a xullo:

	2014			2015			% Variación		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	4.234	1.887	6.121	4.370	1.925	6.295	3,21	2,01	2,84
Lugo	1.033	432	1.465	1.068	467	1.535	3,39	8,10	4,78
Ourense	960	432	1.392	1.007	501	1.508	4,90	15,97	8,33
Pontevedra	2.793	1.231	4.024	3.516	1.472	4.988	25,89	19,58	23,96
Totais	9.020	3.982	9.961	4.365	10,43	9,62	10,18		

<http://issga.xunta.es/portal/contido/observatorio/index.html>



O ISSGA publica un documento con 18 fichas para a prevención de riscos laborais nos viñedos

- ▶ O obxecto deste folleto é advertir sobre os riscos e explicar as medidas preventivas que se deben adoptar desde a preparación do terreo e a aplicación de tratamentos, ata a recolección da uva

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2015.- O Instituto de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), dependente da Consellería de Traballo e Benestar, vén de publicar o documento 'Actúa-Viña', composto por 18 fichas, para a prevención de riscos laborais nos traballos que se desenvolven nos viñedos. O obxecto deste folleto é advertir sobre os riscos e explicar as medidas preventivas que se deben adoptar desde a preparación do terreo e a aplicación de tratamentos, ata a recolección da uva. O sector vitivinícola galego é unha das actividades económicas

do sector primario máis relevantes na Comunidade Autónoma, polo que o Instituto elaborou este documento con pautas concretas e sinxelas dirixidas aos operarios e acompañadas de imaxes. A mensaxe que se quere transmitir é clara e concreta, para que os traballadores e traballadoras poidan identificar os lugares e as tarefas habituais, así como os equipos e máquinas que empregan a diario, e adoptar as medidas preventivas que sexan oportunas.

O documento inclúe os riscos máis habituais nestas tarefas, como as caídas; os relacionados co manexo de tractor e cos seus

apeiros; o emprego de maquinaria lixeira, como a rozadoira e o motorcultor; ou o emprego de ferramentas manuais. Ademais menciona riscos derivados das características propias do traballo, como a exposición ao sol e ao calor, ou os riscos biolóxicos.

No texto incídese especialmente nas tarefas relacionadas coa aplicación de produtos fitosanitarios, recórdase a nova normativa sobre a etiquetaxe de produtos, e recoméndase o emprego de produtos con menor risco. Así mesmo, explícanse as pautas que se deben seguir na

preparación de dilucións, as comprobacións que se farán antes da aplicación, durante os tratamentos e despois deles, cun recordatorio de que se deben respectar os tempos de seguridade nas áreas tratadas.

Esta publicación inclúe unha epígrafe específica dedicada aos riscos desde a perspectiva do xénero, para advertir sobre aqueles riscos aos que non debe estar exposta unha muller durante o embarazo ou lactación.

O documento complétase coas fichas nas que se explica con imaxes cales son os equipos de protección individual que se deben empregar e os primeiros auxilios ante os accidentes máis habituais, como fracturas, queimaduras, picaduras de avespas e feridas, ademais dos posibles contactos químicos e intoxicacións.

http://issga.xunta.es/export/sites/default/recursos/descargas/documentacion/publicacions/Actua_vina_GAL.pdf



Informe do paro rexistrado

Galicia pecha agosto con 213.732 persoas desempregadas, 2.639 menos que o mes pasado, o que supón unha baixada do 1,22%

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2015.-

O paro descendeu en Galicia no mes de agosto en 2.639 persoas con respecto ao mes anterior, o que en termos porcentuais se traduce nun -1,22 por cento, unha porcentaxe que supera á media estatal tanto en termos interanuais e intermensuais. Deste xeito, o número de inscritos nas oficinas de emprego sitúase actualmente nas 213.732 persoas.

A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz, explicou que este é o sétimo descenso mensual consecutivo no que vai de 2015, "e o segundo ano consecutivo no que se consegue reducir o paro rexistrado nun mes de agosto en termos interanuais".

Díaz resaltou que Galicia é a Comunidade autónoma de todo o Estado na que máis baixou o paro este mes en termos absolutos e a terceira rexión en termos relativos.

Precisamente, a responsable autonómica tamén puxo en valor a evolución interanual, cunha diminución do -9,79% (-23.207 persoas). Así, resaltou que se rexistrou a maior baixada interanual en termos absolutos dun mes de agosto de toda a serie histórica (estadísticas desde 1996).

Ademais, con este descenso, xa se acumulan vinte e dous baixadas interanuais consecutivas desde novembro de 2013. Grazas a este comportamento, Galicia volve a niveis de paro

inferiores aos que existían en 2011, isto é, o desemprego volve a niveis de hai catro anos.

En España, o desemprego subiu en 21.679 persoas, un 0,54 por cento, ata situarse nos 4.067.955 parados. Deste xeito, Galicia, con respecto á media estatal, presenta un mellor comportamento, superando en 1,66 puntos a variación interanual do conxunto estatal. Tamén presenta un comportamento máis favorable en termos intermensuais, 1,76 puntos por riba.

O desemprego descende en todos os sectores económicos. A principal diminución rexístrase no sector servizos (-1.498) en termos absolutos, aínda que en termos relativos a maior baixada é a do sector da construción

(-1,87%). En termos absolutos, a continuación dos servizos, sitúase a construción (-504), a industria (-324), o colectivo sen emprego anterior (-179), e a agricultura e a pesca (-134).

Por provincias, o desemprego baixou en todas elas, especialmente na Coruña (-933), seguida por Pontevedra (-918), Ourense (-544), e Lugo (-244).

Contratos

Na evolución dos contratos, o número, en termos interanuais, sube respecto ao mes de agosto do ano 2014. En concreto, en Galicia rexistráronse 3.931 contratos máis, o que supón unha variación porcentual positiva do 5,46 por cento.

A distribución do paro rexistrado por provincias é a seguinte:

	Total	Variación mensual		Variación anual	
		Absoluta	Relativa	Absoluta	Relativa
A Coruña	84.630	-933	-1,09	-8.468	-9,10
Lugo	20.563	-244	-1,17	-2.028	-8,98
Ourense	23.564	-544	-2,26	-1.840	-7,24
Pontevedra	84.975	-918	-1,07	-10.871	-11,34
Galicia	213.732	-2.639	-1,22	-23.207	-9,79
España	4.067.955	21.679	0,54	-359.975	-8,13

A distribución do paro rexistrado por sexos e provincias é a seguinte:

	Homes	Mulleres	TOTAL
A Coruña	38.287	46.343	84.630
Lugo	9.733	10.830	20.563
Ourense	10.539	13.025	23.564
Pontevedra	38.192	46.783	84.975
Galicia	96.751	116.981	213.732
España	1.845.268	2.222.687	4.067.955

A distribución do paro rexistrado por idade e provincias é a seguinte:


	Menores de 25 anos	Maiores de 25 anos	TOTAL
A Coruña	3.935	80.695	84.630
Lugo	1.113	19.450	20.563
Ourense	1.331	22.233	23.564
Pontevedra	4.331	80.644	84.975
Galicia	10.710	203.022	213.732
España	334.441	3.733.514	4.067.955

A distribución do paro rexistrado por comunidades autónomas é a seguinte:



	Total	Variación mensual		Variación anual	
		Absoluta	Relativa	Absoluta	Relativa
Andalucía	983.504	1.079	0,11	-34.928	-3,43
Aragón	92.500	696	0,76	-10.532	-10,22
Asturias	85.494	-1.057	-1,22	-7.799	-8,36
Illes Balears	54.437	30	0,06	-7.945	-12,74
Canarias	242.649	-1.257	-0,52	-24.019	-9,01
Cantabria	44.495	1.880	4,41	-1.364	-2,97
Castilla-La Mancha	216.248	1.112	0,52	-18.801	-8,00
Castilla y León	189.271	-60	-0,03	-22.429	-10,59
Catalunya	506.306	4.521	0,90	-65.310	-11,43
Valencia	481.494	7.614	1,61	-49.977	-9,40
Extremadura	124.285	1.166	0,95	-10.875	-8,05
Galicia	213.732	-2.639	-1,22	-23.207	-9,79
Madrid	458.696	4.035	0,89	-49.457	-9,73
Murcia	130.533	3.589	2,83	-11.278	-7,95
Navarra	41.767	-563	-1,33	-4.435	-9,60
País Vasco	155.769	1.896	1,23	-13.419	-7,93
La Rioja	21.101	-382	-1,78	-3.359	-13,73
Ceuta	13.262	61	0,46	-95	-0,71
Melilla	12.412	-42	-0,34	-746	-5,67
TOTAL	4.067.955	21.679	0,54	-359.975	-8,13

Fonte: SEPE, 2015. Ministerio de Empleo y Seguridad Social

Evolución do paro:



VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO EN GALICIA (Mes en curso – igual mes do ano anterior)



Máis de 600 mozos e 80 entidades xuvenís de Galicia e o norte de Portugal participarán na sétima edición do EMAX en outubro

- ▶ A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, mantivo en Santiago unha xuntanza co presidente da Federación Nacional de Asociacións Xuvenís de Portugal (FNAJ), Julio Oliveira
- ▶ Acordaron que o Encontro do Movemento Asociativo Xuvenil (EMAX) terá lugar na segunda quincena de outubro en Galicia
- ▶ Os participantes do tecido asociativo galego e portugués poderán intercambiar experiencias e ideas que poidan dar lugar a proxectos conxuntos e a iniciativas xuvenís transfronteirizas
- ▶ As institucións xuvenís dos dous países colaboraran desde hai 4 anos no proxecto europeo Emrende

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2015.- A sétima edición do Encontro do Movemento Asociativo Xuvenil (EMAX) celebrase en Galicia na segunda quincena de outubro, segundo acordaron a directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, e o presidente da Federación Nacional de Asociacións Xuvenís de Portugal (FNAJ), Julio Oliveira, nunha xuntanza de traballo que tivo lugar en Santiago.

Está previsto que no EMAX, que se celebrará en Galicia, poidan participar máis de 600 mozos e mozas de Galicia e o Norte de Portugal e preto de 80 entidades xuvenís e grupos informais. Os

mozos e mozas representantes do tecido asociativo galego e portugués terán a oportunidade ao longo de toda unha fin de semana de mostrar o seu traballo, así como de intercambiar experiencias e ideas en materia de asociacionismo e emprendedorismo que poidan dar lugar a proxectos conxuntos e a iniciativas xuvenís transfronteirizas.

Ao remate da reunión, Cecilia Vázquez destacou “a grande e fluída relación que o departamento de Xuventude da Xunta ten tanto coa FNAJ como co Instituto Português do Deporte e da Xuventude, xa que nos últimos anos temos participado en innumerables proxectos de cooperación transfronteiriza”.



A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, e o presidente da Federación Nacional de Asociacións Xuvenís de Portugal (FNAJ), Julio Oliveira. Autor: Ana Varela

As institucións xuvenís dos dous países colaboran desde hai 4 anos no proxecto europeo Emrende, que permitiu pór en marcha programas de asesoramento e cooperación empresarial, onde destacou o traballo do gabinete de iniciativas xuvenís emprendedoras, un servizo de acompañamento individualizado nos primeiros momentos de captación, xeración e maduración de ideas para aqueles mozos e mozas que decidisen comezar un proxecto empresarial.

Con este proxecto tamén se puideron organizar outras accións de apoio ás iniciativas xuvenís emprendedoras, de axuda á internacionalización de empresas, e de formación e capacitación para mozos e mozas con ideas de negocio.

Ademais, tamén se facilitou a creación de foros e de encontros entre a mocidade, o tecido asociativo e a realidade empresarial para detectar oportunidades laborais, promover o intercambio de ideas e a xeración de sinerxías que poidan concluír en iniciativas conxuntas.

Galicia asume en Bruxelas a representación das comunidades autónomas en materia de xuventude - xullo

- ▶ A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, participou na primeira reunión deste semestre do grupo de traballo en materia de mocidade
- ▶ A comunidade autónoma exercerá esta función ata finais de ano.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2015.- Galicia está a exercer en Bruxelas, neste segundo semestre do ano, a representación das comunidades autónomas españolas en materia de xuventude. En concreto, Galicia asume a representación autonómica dentro da delegación de España que participe nas reunións do Consello de Ministros da Unión Europea dentro da formación do Consello de Educación, Cultura, Xuventude e Deportes.

A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, participou en Bruxelas na sede do Consello da Unión Europea na primeira reunión deste semestre do grupo de traballo de xuventude.

Esta representación implica a participación e coordinación técnica nos grupos de traballo preparatorios do Consello de Ministros, co obxecto de seguir os asuntos e informar ao resto de comunidades autónomas sobre os

avances nas negociacións dos expedientes lexislativos. Implica, así mesmo, a coordinación coas conselleiras sectoriais e autonómicas na Representación Permanente de España ante a Unión Europea (REPER)

Ademais, corresponderalle á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado a elaboración dunha proposta de posición común autonómica en base aos temas a debater no Consello, un texto que será consensuado e aceptado por todas as comunidades autónomas.

As prioridades do programa de traballo da Presidencia, que corresponde a Luxemburgo neste

período, en ámbito de xuventude son: a adopción dunha recomendación sobre a participación política dos mozos e mozas; a adopción dun informe de Xuventude 2015 proposto pola Comisión Europea; e a adaptación do novo Plan de traballo da Unión Europea para os anos 2016-2018.

Este tipo de participación autonómica favorece a defensa dos intereses das comunidades autónomas, ofrece a oportunidade de intercambiar experiencias con socios comunitarios nos seus respectivos ámbitos, así como establecer unha rede de traballo a nivel europeo.

‘O galego campa!’ chegou durante xullo e agosto a preto de 1200 rapaces e rapazas de estadia nos campamentos da Xunta de Galicia para dinamizar a lingua galega na mocidade

- ▶ A Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Xuventude pechan a quinta edición do programa que levou actividades de xincanas e contacontos a 17 campamentos de verán.

Santiago de Compostela, 15 de agosto de 2015.- ‘O galego campa!’, o programa dirixido á mocidade participante nos campamentos de verán da Xunta de Galicia promovido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e pola Dirección Xeral de Xuventude para dinamizar o galego na mocidade, chegou por medio de xincanas e contacontos que se desenvolveron durante os meses de xullo e agosto a 17 campamentos de verán nos que participaron un total de 1193 rapaces e rapaces.

A quinta edición do programa viu ampliadas as súas propostas de promoción do uso do galego na xente nova con respecto ás anteriores e incluíu como novidade un repositorio dixital de materiais e actividades dinamizadoras dirixidas ao monitorado do tempo libre que estará accesible de maneira permanente desde os webs institucionais www.lingua.gal e www.xuventude.net.

As actividades chegaron desde mediados de xullo ata onte ás diferentes quendas organizadas nos campamentos xuvenís Furelos (Melide, A Coruña), Os Chacotes (Palas de Rei, Lugo), Pontemari (Forcarei, Pontevedra), Illa de Ons (Bueu, Pontevedra), Area (Viveiro, Lugo), Espiñeira (Boiro, A Coruña), As Sinas (Vilagarcía de Arousa, Pontevedra), Penedos de Xacinto (Entrimo, Ourense), Benigno Quiroga (Portomarin, Lugo), Mariña Española (Bergondo, A Coruña), Virxe de Loreto (Porto do Son, A Coruña), Gandarío (Bergondo, A Coruña), A Devesa (Ribadeo, Lugo) e Á Estación de Montaña de Manzaneda (Manzaneda, Ourense). Nelles participaron durante o mes de

xullo 885 rapaces e rapazas, 534 fixérono ata mediados de agosto.

Xincanas lingüísticas e contacontos como ferramentas de dinamización do galego

‘Galicia, terra de artistas’ foi a xincana lingüística que chegou aos campamentos de verán da Xunta de Galicia, unha proposta baseada en xogos e probas que combinan as habilidades física, lingüística e intelectual para achegarlle á rapazada a lingua por medio da canción, da poesía ou do teatro e para dar a coñecer os persoeiros máis ilustres, os fitos máis importantes ou os feitos máis senlleiros da nosa propia historia.

Desenvolveuse nos campamentos Espiñeira (Boiro, A Coruña), As Sinas (Vilagarcía de Arousa, Pontevedra), Mariña Española (Bergondo, A Coruña), A Devesa (Ribadeo, Lugo), Penedos de Xacinto (Entrimo, Ourense) e tamén na Estación de Montaña de Manzaneda (Manzaneda, Ourense).

Paralelamente, o Consello de Galegos Ilustres (integrado polos dinamizadores Brais Fernandes e Xavier Mugardos) levaron os

<http://www.xunta.es/linguagalega/ogalegocampa>



seus contacontos en formato acústico de guitarra e voz “Historia máxica de Galicia”, “Xan e Perillán”, “Visita do Consello de Galegos Ilustres” e “Rosalía, unha meniña” aos campamentos Illa de Ons (Bueu, Pontevedra), Mariña Española (Bergondo, A Coruña), Virxe de Loreto (Porto do Son, A Coruña), Gandarío (Bergondo, A Coruña), A Devesa (Ribadeo, Lugo), Benigno Quiroga (Portomarin, Lugo), Estación de Montaña de Manzaneda (Manzaneda, Ourense), Furelos (Melide, A Coruña), Os Chacotes (Palas de Rei, Lugo), Pontemari (Forcarei, Pontevedra) e Area (Viveiro, Lugo).

Repositorio dixital de materiais para traballar lingua, tempo libre e mocidade

Alén destas actividades presenciais de dinamización lingüística nos campamentos e na liña das primeiras edicións do programa, nas que se distribuíron e se ofreceron en aberto xogos de fichas de actividades e o disco

‘Desaparafusador de gominola’ e se incluíu formación específica de dinamización lingüística para directores de campamento e monitorado, ‘O galego campa! 2015’ puxo en marcha desde os webs www.lingua.gal e www.xuventude.net un novo repositorio dixital de materiais e propostas específicas para traballar lingua, mocidade e tempo libre, pensadas para o monitorado con descarga libre e de balde, aínda accesible.

Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia 2014-16

‘O galego campa!’ desenvolveu, no marco do Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia 2014-16 deseñado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, unha das 11 medidas que teñen por obxectivo o fomento da lingua galega entre a xente nova nos diferentes ámbitos sociais, ao tempo que lle dá cumprimento ás directrices da Lei de xuventude de Galicia (2012) e ás do Plan xeral de normalización da lingua galega (2004).

<http://xuventude.xunta.es/>



Catálogo de publicacións na web



BITEB. Boletín Informativo de Traballo e Benestar xullo 2015, nº 109

Publicación periódica mensual na que se recollen novas sobre as actuacións máis salientables da Xunta de Galicia nos eidos laboral e do benestar. Acompaña a publicación unha recompilación normativa de lexislación relacionada con estes ámbitos de carácter autonómico (DOG e diarios oficiais das restantes comunidades autónomas), estatal (BOE) e comunitario (DOUE).

► Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/BITEB_n_109_Xullo_2015.pdf



Informe de actuación e xestión issga 2014

Recóllense as principais liñas de actuación do Issga do ano en curso. O documento estrúcturase en sete puntos: estrutura e organización, recursos, actividade institucional, relacións con outros organismos, actuación técnica, directorio e anexos.

► Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Informe_actuacion_xestion_2014.pdf



COÑECE RISCO QUÍMICO EN SALÓNS DE PEITEADO

Documento sobre a importancia do risco químico nos salóns de peiteado, no que se indican os danos para a saúde (pel, sistema respiratorio etc.), os axentes químicos máis frecuentes, a etiquetaxe dos cosméticos e as medidas preventivas que se deben atender para evitar estes riscos.

► Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Salons_de_peiteado.pdf



Xuventude Novas Paisaxe de moda

Boletín de periodicidade mensual que recolle as novas máis salientables no ámbito da xuventude.

► Acceso nº 62:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/XuventudeNovas_N62_Xunho2015.pdf

► Acceso nº 63:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/XuventudeNovas_N63_Xullo2015.pdf

Informe de actuación e xestión Issga

Recóllense as principais liñas de actuación do Issga do ano en curso. O documento estrúcturase en sete puntos: estrutura e organización, recursos, actividade institucional, relacións con outros organismos, actuación técnica, directorio e anexos.

► Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Informe_actuacion_xestion_2014.pdf

Riscos químicos en salóns de peiteado

Documento sobre a importancia do risco químico nos salóns de peiteado, no que se indican os danos para a saúde (pel, sistema respiratorio etc.), os axentes químicos máis frecuentes, a etiquetaxe dos cosméticos e as medidas preventivas que se deben atender para evitar estes riscos.

► Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Salons_de_peiteado.pdf

Xuventude Novas

Boletín de periodicidade mensual que recolle as novas máis salientables no ámbito da xuventude.

► Acceso nº 62:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/XuventudeNovas_N62_Xunho2015.pdf

► Acceso nº 63:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/XuventudeNovas_N63_Xullo2015.pdf

Prevención de riesgos no traballo con FITOSANITARIOS



ATENDE Agro

Información verbo das principais medidas preventivas nos traballos con fitosanitarios: o seu rexistro, a etiqueta, a ficha de datos de seguridade, o traballo con fitosanitarios, a capacitación de profesionais, os equipos de protección individual, a inspección de equipos de aplicación e lexislación aplicable.

► Acceso galego:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Atende_Fitosanitarios_Gal.pdf

► Acceso castelán:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Atende_Fitosanitarios_Cas.pdf

Prevención de riesgos en el trabajo con FITOSANITARIOS



ATENDE Rural

Información verbo das principais medidas preventivas nos traballos con fitosanitarios: o seu rexistro, a etiqueta, a ficha de datos de seguridade, o traballo con fitosanitarios, a capacitación de profesionais, os equipos de protección individual, a inspección de equipos de aplicación e lexislación aplicable.

► Acceso galego:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Atende_Fitosanitarios_Gal.pdf

► Acceso castelán:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Atende_Fitosanitarios_Cas.pdf

Prevención de riscos no traballo con fitosanitarios

Información verbo das principais medidas preventivas nos traballos con fitosanitarios: o seu rexistro, a etiqueta, a ficha de datos de seguridade, o traballo con fitosanitarios, a capacitación de profesionais, os equipos de protección individual, a inspección de equipos de aplicación e lexislación aplicable.

► Acceso galego:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Atende_Fitosanitarios_Gal.pdf

► Acceso castelán:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Atende_Fitosanitarios_Cas.pdf



Sinistralidade laboral GALICIA 2014

Publicación de periodicidade anual dedicada á estatística descritiva da sinistralidade laboral en Galicia. Elabórase coa información obtida dos partes de accidentes de traballo e enfermidades profesionais notificados á autoridade laboral galega. A explotación estatística realízase clasificando os accidentes segundo o grao da lesión e outras variables como sectores de actividade, natureza da lesión, etc. Tamén se ten en conta os accidentes de traballo con baixa en xornada laboral, indicándose de xeito separado, o número de accidentes in itinere.

► Acceso:


http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Sinistralidade_laboral_2014.pdf

Sinistralidade Laboral. Galicia

Publicación de periodicidade anual dedicada á estatística descritiva da sinistralidade laboral en Galicia. Elabórase coa información obtida dos partes de accidentes de traballo e enfermidades profesionais notificados á autoridade laboral galega. A explotación estatística realízase clasificando os accidentes segundo o grao da lesión e outras variables como sectores de actividade, natureza da lesión, etc. Tamén se ten en conta os accidentes de traballo con baixa en xornada laboral, indicándose de xeito separado, o número de accidentes in itinere.

► Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Sinistralidade_laboral_2014.pdf



Boletín do Instituto Galego das Cualificacións Nº 14

Boletín elaborado polo Instituto Galego das Cualificacións con novas relacionadas co emprego e a formación, novidades editoriais, etc.

► Acceso galego:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/BIGCx_14_-_GAL.pdf

► Acceso castelán:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/BIGCx_14_-_CAS.pdf

Boletín do Instituto Galego das Cualificacións

Boletín elaborado polo Instituto Galego das Cualificacións con novas relacionadas co emprego e a formación, novidades editoriais, etc.

► Acceso galego:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/BIGCx_14_-_GAL.pdf

► Acceso castelán:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/BIGCx_14_-_CAS.pdf



RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL no sector adegueiro de Galicia

Guía dirixida ás pemes galegas do sector adegueiro de Galicia, para as axudar a que se inicien nos criterios de responsabilidade social empresarial e ofrecerlles información sobre as ferramentas que poden utilizar para introduciren un comportamento responsable e comunicarlo aos seus grupos de interese.

► Acceso galego:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/RSE_Sector_adegueiro_GALEGO_1.pdf

► Acceso castelán:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/RSE_Sector_bodeguero.pdf



RESPONSABILIDAD SOCIAL EMPRESARIAL en el Sector Bodeguero de Galicia

Guía dirixida ás pemes galegas do sector adegueiro de Galicia, para as axudar a que se inicien nos criterios de responsabilidade social empresarial e ofrecerlles información sobre as ferramentas que poden utilizar para introduciren un comportamento responsable e comunicarlo aos seus grupos de interese.

► Acceso galego:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/RSE_Sector_adegueiro_GALEGO_1.pdf

► Acceso castelán:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/RSE_Sector_bodeguero.pdf

Responsabilidade social empresarial no sector adegueiro de Galicia

Guía dirixida ás pemes galegas do sector adegueiro de Galicia, para as axudar a que se inicien nos criterios de responsabilidade social empresarial e ofrecerlles información sobre as ferramentas que poden utilizar para introduciren un comportamento responsable e comunicarlo aos seus grupos de interese.

► Acceso galego:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/RSE_Sector_adegueiro_GALEGO_1.pdf

► Acceso castelán:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/RSE_Sector_bodeguero.pdf

<http://traballo.xunta.es/publicacions-recursos?activo2=sop2>



Portal de Traballo

Inicio | Subscripcións | Mapa do portal | Contacto | Sugerencias e queixas | Accesibilidade | GALEGO | CASTELLANO

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR


Consellería | Formación e Cualificacións | Emprego | Relacións Laborais | Cooperativismo e Economía Social | Prevención Riscos Laborais | Buscar

Recursos | Publicacións

Publicacións editadas ou de próxima aparición:

- Xuventude novas nº 62 – xuño
- Prevención de riscos no uso e manexo do tractor.
- Prevención de riscos en viñas. Os Atende do Issga. Agro
- Prevención de risco no traballo con fitosanitarios. Os atende do Issga. Agro
- Prevención de riesgos en el trabajo con fitosanitarios. Os Atende do Issga. Agro
- Iniciativas a prol duns territorios inclusivos
- BITeB nº 109, xullo
- Prevención de riesgos en el granito. Os Mellora do Issga. Piedra
- Prevención de riesgos en el manejo de grandes máquinas agropecuarias. Cooperar en tu seguridad.
- Prevención de riesgos en el manejo de grandes máquinas agropecuarias. Rutina de enganche. Cooperar en tu seguridad
- Prevención de riesgos en el manejo de grandes máquinas agropecuarias. Antes de manejar la máquina. Cooperar en tu seguridad.
- Prevención de riesgos en el manejo de grandes máquinas agropecuarias. Almacenaje. Cooperar en tu seguridad
- Prevención de riesgos en el manejo de grandes máquinas agropecuarias. Seguridad viaria. Cooperar en tu seguridad
- Prevención de riesgos en el manejo de grandes máquinas agropecuarias. Mantenimiento preventivo. Cooperar en tu seguridad
- Prevención de riesgos en el manejo de grandes máquinas agropecuarias. Primeros auxilios. cooperar en tu seguridad.
- Initiatives in favour of inclusive territories: Symbios project
- Boletín do Instituto galego das Cualificacións. Nº 14, 2015
- Boletín del Instituto Gallego de las Cualificaciones. Nº 14, 2015
- Manual para o uso do modelo de informe social para a área da inclusión (ISI)
- Folla de prevención. Núm. 43. Prevención de riesgos nos postos de traballo de carnicería e charcuterías (I)
- Folla de prevención. Núm. 43. Prevención de riesgos en los puestos de trabajo de carnicerías y charcuterías (I)
- Folla de prevención. Núm. 44. Prevención de riesgos nos postos de traballo de carnicerías e charcuterías (II)
- Folla de prevención. Núm. 44. Prevención de riesgos en los puestos de trabajo de carnicerías e charcuterías (II)
- Xuventude novas. Número 63, xullo, 2015
- Carné xove
- Iniciativas a favor de unos territorios inclusivos: Proyecto Symbios
- Folla de prevención. Núm. 45. Prevención de los riesgos ligados a los puestos de trabajo en pescaderías
- Folla de prevención. Núm. 45. Prevención dos riscos ligados aos postos de traballo en peixarías
- Prevención de riesgos en viñas. Os Atúa do Issga. Viñas
- Guía de residencias xuvenís nas comunidades autónomas
- Prevención de riscos no granito. Os mellora do Issga. Pedra
- Prevención de riscos na manipulación e aplicación de fitosanitarios. Cooperar na túa seguridade
- Prevención de riscos na manipulación e aplicación de fitosanitarios: información que contén a etiqueta. Cooperar na túa seguridade
- Prevención de riscos na manipulación e aplicación de fitosanitarios: medidas de actuación e primeiros auxilios. Cooperar na túa seguridade
- Prevención de riscos na manipulación e aplicación de fitosanitarios: almacenamiento dos produtos. Cooperar na túa seguridade
